



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O
DÍA 22 DE DECEMBRO DO 2016.**

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. JOSE IGNACIO GOMEZ PEREZ
(PSOE)

Concelleiros/as :

D. RICARDO GONZALEZ AMARO
(PSOE)
D^a. MARIA LOPEZ TOUZA (PSOE)
D. JAVIER IGLESIAS SENDÍN
(PSOE)
D^a. NOELIA RODRIGUEZ
TRAVIESO (PSOE)
D. CESAR MANUEL FERNANDEZ
GIL (PP)
D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ
(PP)
D^a CLARA LOEDA SOTO (PP)
D. CELSO SOTELO BARROSO (PP)
D^a MARIA LUZ EXPOSITO PEREZ
(PP)
D. XACOBE GARCIA SOTO (B.N.G.)
D. BRAIS FIDALGO MARTINEZ
(AGRUPACION DE ELECTORES
RIBEIRO EN COMUN)
D. MANUEL VAZQUEZ LOPEZ
(CxG-CCTT)

Secretario Xeral:

Vicente Soto Rodriguez

Interventor:

Vicente Soto Rodríguez

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 19:00 horas do día vintedous de decembro de 2016 reúnese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as relacionados na marxe, actuando como Secretario, Vicente Soto Rodríguez, asistindo o responsable do departamento de Intervención, Vicente Soto Rodríguez.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

De seguido comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida celebración da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese ao análise dos puntos da orde do día.

1.-APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA, QUE FOI A DO 24 DE NOVEMBRO PASADO (ORDINARIA).

Pola Presidencia pregúntase aos asistentes se existe algunha obxección a acta do 24 de novembro de 2016 (ordinaria) , ao que se lle respostan negativamente, resultando aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDIA DE ACORDO CO EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85 , do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións de Alcaldía ditadas dende a sesión anterior, e que se relacionan de seguido:

Do 11 de novembro; dúas, sobre aboamentos.

Do 17 de novembro; unha, sobre aboamentos..

Do 18 de novembro; tres, sobre aboamentos.

Do 21 de novembro; unha, sobre aboamentos.

Do 22 de novembro; dúas, sobre aboamentos.

Do 23 de novembro; unha, sobre aboamentos.

Do 24 de novembro, unha, sobre aboamentos.

Do 25 de novembro; tres; unha, sobre licenza para tenza animal potencialmente perigoso; dúas, sobre aboamentos.

Do 28 de novembro; tres; unha, sobre devolución ingresos indebidos; dúas, sobre aboamentos.

Do 29 de novembro; unha, sobre aboamentos.

Do 30 de novembro; catro; unha, sobre concesión de vado; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; dúas, sobre aboamentos.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Do 01 de decembro; tres; unha, sobre contratación persoal; dúas, sobre aboamentos.

Do 02 de decembro; tres; unha, sobre arquivo expediente; dúas, sobre aboamentos.

Do 05 de decembro; catro; unha sobre devolución ingresos indebidos; unha, sobre arquivo expediente; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre contratación persoal.

Do 06 de decembro; dúas, unha , sobre concesión de vacacións, unha, sobre aboamentos.

Do 07 de decembro; seis; unha, sobre eficacia comunicación previa de actividade; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre arquivo expediente; dúas, sobre aboamentos.

Do 08 de decembro; unha, sobre aboamentos.

Do 09 de decembro; tres; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre arquivo expediente.

Do 12 de decembro; dúas; unha, sobre expedición tarxeta estacionamento; unha, sobre aboamentos.

Do 13 de decembro; tres; unha, sobre arquivo expediente; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 14 de decembro; dúas, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 15 de decembro; unha, sobre aboamentos.

Do 16 de decembro; catro, tres, sobre concesión vacacións; unha, sobre arquivo expediente.

Do 19 de decembro, dúas, unha, sobre vacacións, unha, sobre aboamentos.

Do 20 de decembro, dúas; unha, sobre expedición tarxeta estacionamento; unha, sobre aboamentos.

Do 21 de decembro, unha; sobre reposicións legalidade urbanística.

3.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL AGRUPACION DE ELECTORES RIBEIRO EN COMUN PARA QUE RIBADAVIA TEÑA UN CENTRO DE SAUDE E UN SERVIZO DE ATENCION SANITARIA MELLOR A TRAVES DA ADOPCION DE MEDIDAS URXENTES.-



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Facenda de data 19 de decembro de 2016, co seguinte tenor literal:" De seguido o Sr. Presidente da conta da seguinte moción que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:

MOCIÓN PARA QUE RIBADAVIA TEÑA UN CENTRO DE SAÚDE E UN SERVIZO DE ATENCIÓN SANITARIA MELLOR A TRAVÉS DA ADOPCIÓN DE MEDIDAS URXENTES.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O de Ribadavia é un Centro de Saúde que dispón de servizo de medicina xeral e de pediatría. Ofrece tamén servizos de apoio ou especiais como odontoloxía, enfermería, xinecoloxía, matrona, farmacia, fisioterapia, traballo social, orientación familiar, así como radioloxía, extracción periférica e urxencias.

Ademais de ser o centro de saúde de Ribadavia é un Punto de Atención Permanente (PAC) para toda a comarca do Ribeiro, co conseguente incremento de público obxectivo.

O planeamento recollido no PXOM de Ribadavia que será aprobado con bastante probabilidade no ano 2017, contempla un centro de saúde novo e ubicado noutra localización, no barrio de San Lázaro de Ribadavia, aínda que a día de hoxe xa é posible urbanisticamente realizar a nova edificación na parcela municipal do campo da feira. Coa aprobación do PXOM o actual edificio do centro de saúde quedaría fora de ordenación, e destinando o uso dos seus terreos dotacionais a un vial público.

Pero unha cuestión é o recollido no proxecto de ordenación do urbanismo e outra ben distinta é a disposición dos recursos necesarios para levar adiante a construción dun novo centro de saúde en Ribadavia.

Recordamos que en decembro de 2008, co denominado bipartito, asinouse un Protocolo de cooperación entre o Servizo Galego de Saúde (SERGAS) e o Concello de Ribadavia para a execución da construción dun novo centro de saúde. Tamén é bo remarcar que a través deste Protocolo a xestión, mantemento e conservación deste novo centro de saúde correspóndelle ao Concello de Ribadavia, supoñendo unhas obrigas e custes importantes para as arcas municipais.

No ano 2010 aprobouse por parte da Xunta o Proxecto técnico- arquitectónico para o edificio do novo centro de saúde de Ribadavia, co conseguente gasto público por parte da Xunta de Galicia.

Para o noso grupo o proxecto de desfacer un edificio con bastantes boas cualidades como é o actual centro de saúde, derrubalo e construír un novo edificio nuns terreos sen urbanizar e que aínda se atopan nun estado nada favorables para a instalación dun novo centro de saúde, non foi nin é unha boa medida de xestión pública nin de racionalización dos recursos públicos, tanto por parte da Xunta como do Concello.

A pesar da aprobación do PXOM, o edificio actual do centro de saúde podería reformarse e mellorarse, sempre e cando non se modifique a súa estrutura nin se amplíe o seu volume, co conseguente aforro de recursos públicos e realización práctica que non menoscabaría a oferta nin o servizo de sanidade para os e as ribadavienses.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

O noso grupo é defensor do edificio actual e da súa calidade que sen embargo, sempre sufriu de abandono nos últimos anos por parte das diferentes administracións.

Agora ben, si a Xunta, o Sergas e o Concello son quen de conseguir instalar un novo centro de saúde en Ribadavia, non seremos nós quen nos opoñamos, todo o contrario, parabenizaremos todos e todas. Pero somos conscientes que de producirse isto, pasaran aínda algúns anos máis, polo que a cidadanía que usamos o Centro de Saúde actual e o PAC de Ribadavia, non podemos agardar máis por unhas melloras que son necesarias e que nunca chegan para o actual centro de saúde e os seus usuarios e usuarias.

Este edificio debe adaptarse sen máis demora aos novos tempos, mentres non se execute un novo centro de saúde en Ribadavia.

Medidas urxentes de mellora

Desde Ribeiro en Común pedimoslle á Xunta de Galicia que se Orzamente e execute o proxecto e obra do novo Centro de Saúde de Ribadavia nos vindeiros Orzamentos Autonómicos, tal e como xa reclamou o grupo Parlamentario de En Marea no Parlamento Galego instando á Xunta de Galicia a levalo a cabo.

Pero na actualidade o actual centro de saúde de Ribadavia, así como o servizo en xeral de atención sanitaria de Ribadavia necesitan con urxencia unha serie de melloras e reforzos que deben de levarse a cabo sen escusas nin demoras agochadas en promesas dun novo centro:

- Establecer atención sanitaria urxente de pediatría aos nenos e nenas dos municipios da comarca do Ribeiro no Punto de Atención Continuada (PAC) de Ribadavia.
- Mellora do servizo de ambulancia de urxencia, xa que na actualidade só existe unha única ambulancia de garda, dándose situacións nas que ten que vir a unha intervención a Ribadavia ou a o Ribeiro unha ambulancia desde Ourense, por atoparse a nosa ocupada en servizo.
- Mellora dos accesos peonís, salvando as barreiras arquitectónicas, que impiden ou dificultan o acceso ao centro de saúde desde a rúa da Veronza, e mellorando a de acceso desde a rúa do Carballiño.
- Mellora do acceso de vehículos, retirando valados e aumentando a entrada nos accesos desde a rúa do Carballiño. Crear un acceso/ saída do aparcadoiro desde a rúa Veronza.
- Que se proceda á mellora de mantemento do edificio actual que alberga o Centro de Saúde de Ribadavia, mentres non se execute o novo centro. Imaxe exterior e interior, así como as instalacións en xeral.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

- Se lle dea traslado ao Parlamento de Galicia e á Xunta de Galicia do acordo do Pleno de Ribadavia, demandando que se recolla no Orzamento 2017 do goberno galego o proxecto e obra do novo Centro de Saúde de Ribadavia, así como o compromiso para os vindeiros Orzamentos do goberno galego.

- Que desde o Concello se fagan as xestións pertinentes para que o SERGAS e os responsables do Centro de Saúde de Ribadavia e do PAC realicen as melloras



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

demandadas nesta Moción a realizar no actual edificio, así como nos seus accesos peonís e de vehículo.

- Que desde o Concello se lle trasladen aos responsables sanitarios a demanda dun servizo de atención sanitaria urxente de pediatría no Punto de Atención Continuada (PAC) de Ribadavia.

- Que desde o Concello se lle trasladen aos responsables sanitarios a demanda do reforzamento cunha ambulancia máis de urxencia para a zona de Ribadavia/Ribeiro, xa que na actualidade só existe unha, dándose situacións de emerxencia con ausencia de ambulancia na área Ribadavia- Ribeiro.

- Que todos estes Acordos sobre o Centro de Saúde de Ribadavia sexan trasladados ao Parlamento galego e á Xunta de Galicia para a súa inclusión nos Orzamentos galegos 2017".

Intervén o Sr. Vázquez López, para manifestar a conformidade coa moción presentada, propondo unha engadega no senso de que tamén se preste servizo de oftalmoloxía, otorinolaringoloxía e traumatoloxía.

O Sr. Garcia Soto, sinala que está de acordo coa moción presentada se ben dado que a mesma trascende o propio ámbito municipal solicita que se engada que se de traslado do acordo a todos os Concellos da comarca do Ribeiro.

De seguido sometese a votación ordinaria proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, cinco (P.S.O.E, B.N.G., Agrupación de Electores Ribeiro en Común e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); reservanse para o pleno os membros do P.P.. Por conseguinte por maioría absoluta fica ditaminada favorablemente".

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, para indicar que este moción ten moito que ver co debate dos orzamentos no parlamento de Galicia; dí que é un tema recorrente nas campañas das eleccións municipais e unha promesa electoral dos partidos políticos, se ben non da chegado o novo centro nin se mellora o existente; sinala que a moción ten dous cuestións importantes, unha que é o reforzamento do servizo de ambulancias sobre todo o fin de semana e dotar o centro do servizo de pediatría de urxencia, manifestando que non está de acordo coa austeridade mal entendida sobre todo en cuestións de saúde; está de acordo en darlle traslado do acordo os concellos da comarca do Ribeiro xa que o P.A.C. é comarcal; en canto a novo centro, deixando de lado a idoneidade da ubicación, cuestión discutible, o certo é que hai un convenio asinado no que a Xunta comprométese a facer o centro de saúde e ata agora non se fixo nada, existindo un proxecto de edificio, critica a xestión do tema e as obrigas que deba asumir o Concello as cales as considera gravosas para as arcas municipais. Finaliza a súa intervención dicindo que o facer un centro novo non é xustificación para que non se invirta nada no mantemento do edificio existente.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

O Sr. Vázquez López, sinala que todo o que sexa beneficioso para os veciños o seu grupo vai a estar a prol; di que fixo unha achega na comisión co obxecto de mellorar o servizo e anque non se inclúa o seu grupo vai a apoiar a proposta,

Intervén o Sr. Garcia Soto, para sinalar que o espírito desta moción é un dos pilares básicos para que o rural manteñase vivo, ampliar e mellorar o servizo e importante para fixar poboación. Finaliza sinalando que o servizo e comarcal cuestión pola que solicitou que se remitirá copia do acordo a todos os concellos da comarca.

O Sr. Fernández Gil, sinala que seguindo a liña do seu grupo van a apoiar a moción, xa que é unha moción en positivo e que vai a beneficiar os veciños de Ribadavia; dí que non vai a entrar nos pormenores de que porque non se construiu o novo centro, se ben constalle que houbo varios intentos de licitación; dí que lle consta que é difícil o implantar o servizo de pediatría urxente pola falta de profesionais.

O Sr. Iglesias Sendin, manifesta o apoio a moción; en canto o novo centro dí que dende o Concello fixose todo o que había que facer, mercar os terreos e poñelos a disposición da Consellería así como facer unha modificación puntual da normas para que fose viable urbanisticamente, dí que hai un convenio asinado para facer o edificio polo que non hai excusa para non acometer a obra; en canto os outros prantexamentos indica que tal como están configurados os P.A.C. teñen difícil encaixe, se ben el está a prol o igual que no tema das ambulancias cuio recorte non é de recibo. Finaliza dicindo que está de acordo con potenciar os servizos das cabeceiras da comarca co obxecto de fixar poboación no rural.

O Sr. Fidalgo Martínez, insiste que Ribadavia como capital da comarca do Ribeiro ten que esixir que se mellore o P.A.C. de Ribadavia, en canto as propostas dos grupos está de acordo en engadilas se están de acordo todos os grupos, se ben pensa que algunhas poden desvirtuar a moción. Finaliza a súa intervención insistindo en que se debe mellorar a estética e acondicionamento do actual centro de saúde.

O Sr. Iglesias Sendin, reitera que está de acordo coa moción se ben sinala a dificultade que nos poden poñer para certas cuestións que se prantexan en base a normativa reguladora destes centros.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que neste tema o máximo responsable e a Xunta e polo tanto o P.P. quen é o que leva gobernando Galicia dende fai anos; dí que o Concello fixo os seus deberes como antes ben se dixo se ben a Xunta non cumpriu ata agora; pensa que independentemente dos pronunciamento sobre a ubicación e necesario a construción dun novo centro, sobre todo cando a Xunta está a xustificar a non inversión no actual en que non é o idóneo de acordo cos criterios técnicos.

De seguido tráncríbese os acordos da moción coas engadegas aceptadas por todos os grupos municipais:



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

- Se lle dea traslado ao Parlamento de Galicia e á Xunta de Galicia do acordo do Pleno de Ribadavia, demandando que se recolla no Orzamento 2017 do goberno galego o proxecto e obra do novo Centro de Saúde de Ribadavia, así como o compromiso para os vindeiros Orzamentos do goberno galego.
- Que desde o Concello se fagan as xestións pertinentes para que o SERGAS e os responsables do Centro de Saúde de Ribadavia e do PAC realicen as melloras demandadas nesta Moción a realizar no actual edificio, así como nos seus accesos peonís e de vehículo.
- Que desde o Concello se lle trasladen aos responsables sanitarios a demanda dun servizo de atención sanitaria urxente de pediatría no Punto de Atención Continuada (PAC) de Ribadavia .
- Que desde o Concello se lle trasladen aos responsables sanitarios a demanda dun servizo de oftalmoloxía, otorinolaringoloxía e traumatoloxía no Centro de Saude de Ribadavia co obxecto de que os veciños da comarca teñan que desprazarse a Ourense.
- Que se dé traslado do presente acordo a todos os concellos da comarca do Ribeiro.
- Que desde o Concello se lle trasladen aos responsables sanitarios a demanda do reforzamento cunha ambulancia máis de urxencia para a zona de Ribadavia/Ribeiro, xa que na actualidade só existe unha, dándose situacións de emerxencia con ausencia de ambulancia na área Ribadavia- Ribeiro.
- Que todos estes Acordos sobre o Centro de Saúde de Ribadavia sexan trasladados ao Parlamento galego e á Xunta de Galicia para a súa inclusión nos Orzamentos galegos 2017".

De seguido sométese a votación ordinaria a moción transcrita, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

4.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. SOLICITANDO A ELABORACIÓN URXENTE POR PARTE DO GRUPO DE GOBERNO DUN PLAN DE REVITALIZACION DEMOGRAFICA PARA COMBATIR OS ALARMANTES DATOS DO INE RESPECTO A POBOACION DE RIBADAVIA.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Servizos Municipais de data 19 de decembro de 2016, co seguinte tenor literal:" De seguido o Sr. Presidente da conta da moción que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:

Exposición de Motivos:



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

Na acta da Xunta de Goberno Local celebrada o pasado 29 de novembro de 2016, dase conta da entrada dun escrito oficial do Instituto Nacional de Estatística no que se comunica a proposta, que este instituto fai, de cifra oficial de poboación para o concello de Ribadavia referido a 1 de xaneiro de 2016. Neste documento, a escalofriante cifra de poboación é de 5068 habitantes, o que supón que a inicios de 2016 o concello de Ribadavia se atopaba a piques de perder os 5000 habitantes.

Desgraciadamente, os grupos da oposición municipal non tivemos acceso a este dato ata que agora o vemos reflexado nesta acta. Por contra, o goberno municipal manexa os datos do censo e pode controlar, case en tempo real, o volumen do censo de habitantes do concello polo que resulta preocupante a falta de iniciativa e de políticas de impulso demográfico ante unha realidade enormemente preocupante.

Cómpre sinalar que a perda dos 5000 habitantes suporía un importante revés económico para o concello e provocaría que moitos dos servizos que hoxe se prestan como poden ser o servizo de deportes, conservatorio e escola de música, servizos sociais, etc, se volvesen absolutamente insostibles. Hai que lembrar que a lei de facendas locais sinala que o 75% do importe da participación nos ingresos do estado se distribúe en base ao número de habitantes dos concellos, ponderados polos seguintes coeficientes multiplicadores:

| Estrato | Número de habitantes | Coefficientes |
|---------|----------------------|---------------|
| 1 | De máis de 50.000 | 1,40 |
| 2 | De 20.001 a 50.000 | 1,30 |
| 3 | De 5.001 a 20.000 | 1,17 |
| 4 | Ata 5.000 | 1,00 |

Atopámonos polo tanto, nunha situación de extrema gravidade, xa que a perda dos 5000 habitantes abocaría a Ribadavia a unha situación de moi difícil recuperación, tanto a nivel económico como a nivel social.

Resulta máis alarmante se cabe a actitude do goberno municipal que, lonxe de implementar medidas de reactivación da natalidade, conciliación da vida laboral e familiar, impulso industrial ou incentivos para que a xente se empadrene en Ribadavia, prefere cruzarse de brazos como mero espectador mentres a demografía esmorece e camiñamos cara o punto de non retorno que nos baixaría dos 5000 habitantes.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

Acordo:

- a) Instar ao goberno municipal a iniciar, de xeito inmediato, a elaboración dun plan, de xeito conxunto cos demais grupos da oposición, para a



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

revitalización demográfica de Ribadavia. Un plan que, en todo caso, contará con medidas para:

- Reactivación da natalidade.
- Conciliación da vida laboral e familiar.
- Impulso industrial.
- incentivos ao empadramento".

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, para dicir que parece ben a moción e a mesma está na liña manifestada polo seu grupo nas propostas realizadas tanto para os orzamentos do ano 2016 e 2017.

O Sr. Garcia Soto, dí que a cuestión é máis complexa que o que se manifesta na moción; dí que habria que analizar o porque da baixa da poboación indicando que ten moito que ver coa situación económica e laboral que fai que a xente teña que emigrar, sinala que no derradeiros orzamentos o seu grupo xa fixo propostas co obxectivo de fixar poboación.

De seguido sometese a votación ordinaria proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, dous(P.P.); reservanse para o Pleno sos membros do P.S.O.E, B.N.G., Agrupación de Electores Ribeiro en Común e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente".

Intervén o Sr. Fernández Gil, para sinalar que o tema da moción podese considerar transversal, no que todos os grupos debemos participar con achegas, propostas todo elo co obxectivo de non baixar dos 5.000 habitantes; dí que baixar desa cifra suporá problemas no ámbito económico, competencial e social, xa que habria incluso que prescindir de servizos que pasarían a englobar a categoría dos denominados "impropios"; en canto as liñas da moción van encamiñadas a reactivación da natalidade, conciliación da vida laboral e familiar, impulso industrial e incentivos ao empadramento e sobre estas cuestión son sobre as que debe pivotar o referido plan. Finaliza que esta cuestión debe ser o centro do debate político do Concello de Ribadavia.

O Sr. Vázquez López, apoiando a moción, dí que lle parece que chega tarde, que se trata dunha cuestión que transcende do ámbito municipal, e debería ser o Estado e a Xunta a que adoptasen medidas favorecedores para o asentamento da poboación, así da conta de concentracións agrarias, axudas a Pymes e aos emprendedores, cuestións que poderían contribuir a elo.

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, para dicir que por parte do Presidente da Xunta dixo que este ia a ser o ano da "Galicia Rural" e a noticia é que Galicia perde poboación, sobre todo nas provincias do interior; relaciona varios Concellos que non



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

perden poboación polo que entende que habrá que ver as medidas que adoptaron para poñelas en práctica en Ribadavia; de seguido da conta do establecido nos artigos 25 e ss. da L.B.R.L, sinalando que se se prestan servicios axeitados fixase poboación, que o Concello debe ser o motor da comarca do Ribeiro e critica as políticas levadas a cabo dende a Xunta nestes derradeiros anos que contribuíron a perda do rural galego. Finaliza sinalando que algunhas das súas propostas para os orzamentos ian encamiñadas a fixar poboación polo que espera que se executen xa que ata agora non se fixo.

O Sr. Garcia Soto, sinala que estamos a falar dunha cuestión de país sinalando que a emigración é un mal endémico de Galicia; achaca a despoboación as políticas do Estado e da Xunta, dí que mocidade ten que emigrar porque non hai traballo, cada vez os Concellos prestan menos servicios e dunha maneira deficitaria; no caso concreto de Ribadavia, dí que algo atractivo habrá que ofrecerlle a xente para que se quede, indicando que o Concello ten que exercer como capital da comarca do Ribeiro.

O Sr. Iglesias Sendin, dí que este tema preocupable sobremaneira o grupo de goberno; dí que está de acordo que é unha cuestión de Estado e de feito a perda da poboación é xeneralizada; está de acordo en sentarse todos para tratar de buscar medidas para revertir a situación.

O Sr. Fernández Gil, dí que trae a moción co obxecto de mellorar a situación; son conscientes da situación e que a problemática transcende o ámbito municipal, se ben algo habrá que facer.

O Sr. Vázquez López, reitera que a tendencia xeral e a perda de poboación e os que menos responsabilidade teñen son os Concellos.

O Sr. Fidalgo Martínez, dí que o Concello pode tomar algunha medida para tratar de revertir a situación , polo que solicita que entre todos tratemos de buscar solución ao problema; di que as medidas deben ir encamiñadas no tema do turismo, tráfico e emprego, amén de diversos incentivos para tratar de lograr que a xente viva en Ribadavia.

O Sr. Alcalde, dí que coincide co prantexamento do B.N.G. e Compromiso por Galicia, sinala que o problema é a falta de traballo e para que haxa traballo ten que haber empresas; dí que é unha cuestión de política de ámbito europeo, estatal e autonómico. Finaliza dicindo que suscribe os puntos de acordo na súa integridade.

De seguido sométese a votación ordinaria a moción transcrita, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

5.- TOMA DE COÑECEMENTO E RATIFICACIÓN DO ACORDO DE INCLUSION DE OBRAS NO PLANO DE COOPERACION 2017.-



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Facenda de data 19 de decembro de 2016, co seguinte tenor literal:" O Sr. Presidente da conta do acordo da Xunta de Goberno Local de data 19.12.2016, que de seguido transcríbese:

"PLAN PROVINCIAL DE COOPERACION AS OBRAS E SERVICIOS MUNICIPAIS 2017.-"

Visto o acordo da Xunta de Voceiros municipais de data 16 de decembro pasado e vistas as Bases do referido Plan Provincial, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asisntes adopta os seguintes acordos:

1º.- Solicitar a inclusion no Plan Provincial como obra principal a denominada a"ACONDICIONAMENTO PARQUE XARDINILLOS, INFRAESTRUCTURAS CULTURAI (CASA DE CULTURA E AUDITORIO DO CASTELO) E MELLORA DA BEIRARÚA DE BAIXADA O PIÑEIRAL", obra cun orzamento estimado de 58.000 euros.

2º.- Solicitar a inclusión no Plan Provincial como obra adicional a denominada "ACONDICIONAMENTO DA PRAZA DAS BANQUETAS (RUA NORTE-AVIA) obra cun orzamento estimado de 58.000 euros.

3º.- Dar conta do presente acordo no vindeiro Pleno para a súa ratificación.

4º.- Dar traslado do presente acordo a Deputación Provincial".

De seguido sometese a votación ordinaria a ratificación do acordo transcrito, obténdose o seguinte resultado: fica ditaminado favorablemente por unanimidade".

Intervén o Sr. Fidalgo Martinez, para agradecer o talante negociador dos grupos; dí que na obra principal a intención é facer unha actuación mínima nos xardinillos e o resto adicalo a outras actuacións.

O Sr. Iglesias Sendin, agradece o talante negociador de todos os grupos; dí que hai unha obra principal que será a que se acometa e outra queda en reserva para outros posibles plans ou subvencions que se poidan conquistar.

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta transcrita, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

6.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G. PARA MELLORA NO SERVIZO DE COMEDOR DOS ALUMNOS DE SECUNDARIA.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Cultura de data 19 de decembro de 2016, co seguinte tenor literal:" De seguido O Sr. Garcia Soto, fai a presentación dunha moción de urxencia que de seguido transcríbese:



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

"MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE RIBADAVIA POLA MELLORA NO SERVIZO DE COMEDOR DOS ALUMNOS DE SECUNDARIA

Dende o BNG de Ribadavia vimos de comprobar, tras unha conversa co AMPA do CPI Tomas de Lemos de Ribadavia que o servizo de catering do comedor dos alumnos de secundaria é deficiente.

Na súa altura decidiuse que este servizo pasase a ser xestionado por un catering e xa é a segunda vez que se dá que o servizo é deficiente. Na actualidade son 30 os alumnos que están a gozar deste servizo necesario na ensinanza pública e no rural, mais polo que podemos saber, segundo a información que chega a este grupo municipal, é que os alumnos non están a recibir unha comida de calidade. É así, que os nenos e nenas de ambos os dous centros que usan o comedor deixan a comida nas bandexas mentres que a empresa que xestiona dito servizo está a percibir igualmente o pago por número de alumnos matriculados.

Solicitamos ao concello:

1. Que actúe através do seu representante no consello escolar para obter mais información desta deficiencia e solucionar o problema
2. Que inste a Consellería de Educación a revisar o contrato coa empresa concesionaria dado que o servizo é deficiente".

De seguido sométese a votación a urxencia da moción presentada obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

De seguido sométese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, cinco (P.S.O.E., B.N.G., Agrupación de Electores Ribeiro en Común e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); reservánselle para o pleno os membros do P.P.- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a moción presentada".

Intervén o Sr. Garcia Soto, para sinalar que a moción presentase porque é coñecedor da problemática existente co catering do instituto; dí que estamos ante un problema de saúde polo que debemos ter capacidade de actuacións e esixir que se preste un servizo adecuado.

O Sr. Vázquez López, manifesta o seu apoio a moción presentada.

O Sr. Fidalgo Martínez, sinala que o seu grupo é defensor do comedor escolar, comida feita na cociña do centro, tanto por cuestión de saúde, pola utilización de produtos da zona e por tratar de aproveitar unhas instalacións existentes. Finaliza dicindo que apoian a moción e as reivindicacións da AMPA.

O Sr. Fernández Gil, manifesta o apoio a proposta, se ben quere recalcar que o problema do catering non é exclusivo dos centros escolares, hai problemáticas con outras institucións; di que estamos a falar do catering dun día, indicando que lle consta que existen razóns de tipo legal para que non se poida compartir o comedor escolar



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

(primaria con secundaria); non comparte que a xestión indirecta sexa mala "per se", se ben neste caso concreto dí que se o servizo é deficitario haberá que esixir a empresa que o mellor se non adoptar as medidas legais oportunas.

Intervén a Sra. López Touza, para sinalar que tivo coñecemento de que o servizo era deficitario e dende o Concello tratarase de facer xestións para tratar de mellorar o mesmo.

O Sr. Fidalgo Martínez, di que lle parece incongruente que no rural externalícase o servizo.

O Sr. García Soto, di que se o colexio era coñecedor das deficiencias non entende que esperan para actuar.

Intervén o Sr. Alcalde para por en valor o catering que está a prestar o servizo denominado "Xantar na Casa", elaborado por unha cooperativa da comarca con produtos da zona.

De seguido sométese a votación ordinaria a moción transcrita, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

7.-MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

O Sr. Alcalde fai a presentación da seguinte moción de urxencia conxunta de todos os grupos municipais presentes na Corporación Municipal:

"MOCION CONXUNTA DE TODOLOS GRUPOS MUNICIPAIS PRESENTES NA CORPORACION MUNICIPAL (P.S.O.E., P.P., B.N.G., AGRUPACION DE ELECTORES RIBEIRO EN COMUN E COMPROMISO POR GALICIA CONCELLOS TRANSPARENTES).-

EXPOSICION DE MOTIVOS.-

En Galicia en materia de sanidade mortuoria atopase en vigor dende o ano 2014 o DECRETO 151/2014, de 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia, aprobado pola Conselleira de Sanidade e publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 237 de 11 de decembro de 2014.

Dito Regulamento ten por obxecto a regulación da sanidade mortuoria na Comunidade Autónoma de Galicia, as condicións técnico-sanitarias das empresas e servizos funerarios que se prestan.

Dun tempo a esta parte estamos a comprobar que as empresas do sector, en concreto as empresas que realizan os servizos funerarios, están a incumprir



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

sistematicamente a normativa vixente, saltándose un marco normativo xeral en relación aos féretros comúns que han de empregarse nos servizos funerarios.

Neste Concello temos empresas adicadas á fabricación de ataúdes, que están a cumprir coa normativa vixente, e que producen os seus artigos conforme ao establecido no DECRETO 151/2014, de 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia. O sector funerario descoñece o reglamento e incumpre dita normativa autonómica empregando féretros que non cumpren coa norma UNE 190001:2013 ou que non son legalmente fabricados al amparo de la normativa de un lugar del territorio español.

En base o exposto, todos os grupos municipais presentes nesta Corporación Municipal, propoñemos a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1º.- Instar a Consellería de Sanidade para que adopte todas as medidas legais co obxecto de que todas as empresas a desenvolver servizos funerarios que operen dentro da Comunidade Autónoma cumpran o DECRETO 151/2014, de 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia e demais lexislación aplicable o sector.

2º.- Dar traslado do presente acordo os diversos grupos parlamentarios existentes no Parlamento de Galicia os efectos de que fagan as xestións oportunas para que dita normativa sexa efectiva".

De seguido sométese a votación a urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

De seguido sométese a votación a moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

ROGOS E PREGUNTAS.-

De seguido o Sr. Alcalde procede a responder as preguntas formuladas en tempo e forma por escrito.

Polo concelleiro da Agrupación de Electores Ribeiro en Común, o Sr. Fidalgo Martínez fórmulanse os seguintes rogos e preguntas:

1º ROGO.- Fonte da Prata: fonte moi empregada pola veciñanza de Ribadavia. Queremos solicitar en Pleno a reparación ou substitución da lámpada da Fonte da Prata que desde fai demasiado tempo non existe.

2º ROGO.- Placa conmemorativa das Irmáns Touza: A placa situada na casa das Irmáns Touza, ilustres veciñas e heroínas de Ribadavia atopase nun estado moi malo. Ademais, moitos visitantes de Ribadavia teñen dificultades para vela, e moita veciñanza de Ribadavia descoñece a súa existencia.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

- Queremos solicitar en Pleno a súa substitución por unha nova, máis salientable e situada na parte exterior do soportal da propia casa, co obxectivo de darlle maior visualización.

3º ROGO.- Se fagan públicos todas as sesións plenarias gravadas en formato vídeo. Reiteramos a solicitude de que se mellore o audio das sesións, pois actualmente é moi deficitario.

4º ROGO.- Limpeza urxente da Fonte e lavadoiro de Campo redondo (Santo André), situada á beira da estrada Valdepereira- Pazos Hermos.

5º ROGO.- Recollemos a Proposta feita para que se convoque a Comisión municipal de tráfico de Ribadavia.

6º ROGO.- Recollemos a Proposta na que solicitamos que se faga un informe técnico eléctrico da instalación do Campo de fútbol o Xestal. Así mesmo se lle dea solución ao escrito feito pola directiva do club “Ribadavia Atlético” rexistrada neste Concello o pasado 5 de decembro.

7º ROGO.- Recollemos e reiteramos en pleno a proposta para que o Alcalde de Ribadavia solicite encontro con responsables ministeriais de Cultura e Fomento. Proposta rexistrada o pasado 9 de decembro.

8º ROGO.- En relación coa información dada por fontes sindicais da empresa ferroviaria Renfe de que dita empresa quere suprimir o servizo de venda de billetes na estación de Ribadavia. Solicitamos que desde o Concello de Ribadavia se fagan os trámites pertinentes para solicitar que este servizo se manteña.

9º ROGO.- Que se se recuperen as badaladas do rexolo das Casa do Concello da Praza Maior.-

10º ROGO.- Que se instale algún banco e papeleira no camiño do río dende Francelos ata a Quinza-San Cristovo.

11º ROGO.- Que se restauren ou pinten as mesas da Veronza no paseo novo.

12º ROGO.- Que se poñan tapadeiras de madeira os cubos do lixo na Veronza.

13º ROGO.- Que se fagan os trámites coa institución titular para que se proceda a limpar a fachada da igrexa de San Xoan. Que se colabore na mesma dende o Concello de Ribadavia.

14º ROGO.- Que se proceda o arranxo dos columpios rotos e deteriorados do parque infantil da Alameda.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

1ª PREGUNTA.- En relación coa Casa propiedade da Xunta de Galicia (Vivenda e Solo) situada na rúa Salgado Moscoso de Ribadavia. Casa pública que se atopa baleira e sen cidadás que habiten nela.

- Pregunta: cal é a situación desta casa ?
- Algunha vez desde a concellería titular se ten feito algunha xestión para que esta casa se volva ocupar?
- Rogo-Proposta de que desde o Concello se lle reivindique á Administración titular que se volva a quitar a concurso para a súa ocupación.

Resposta o Sr. Alcalde: Hoxe iniciouse o proceso para a adxudicación da vivenda; da conta dos requisitos para poder acceder, e sinala que quedaron en mandarlle a información e cando a teña daralle publicidade.

2ª PREGUNTA.- En relación coa aprobación do pasado mes de abril da MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS DE RIBEIRO EN COMÚN E DO BNG DE RIBADAVIA PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA FAGA UNHA HOMENAXE AO DERRADEIRO ALCALDE REPÚBLICANO DE RIBADAVIA E POLA DEFENSA DA MEMORIA HISTÓRICA E A DIGNIFICACIÓN DOS REPRESALIADOS.

Rematando o ano 2016, comprobamos con inmensa tristura como este goberno que se di progresista obviou e ignorou a memoria histórica e a posibilidade de homenaxe a todos os ribadavienses asasinados, represaliados ou perseguidos e ás súas familias e seres queridos que continúan vivos.

- Pregunta: Por qué motivo o grupo de goberno non levou a cabo ningunha das homenaxes nin actividades recollidas e aprobadas na Moción para o ano 2016??
- Rogo/proposta para que si cumpra o acordo da Moción que recollía a realización dunha Homenaxe coincidindo coa data do 80º aniversario do fusilamento do último alcalde republicano de Ribadavia, así como a instalación da placa conmemorativa na casa do Concello.

Resposta o Sr. Alcalde: : Di que houbo problemas coa familia sinalando que para o mes de febreiro (2ª seman), faranse varios dos actos previstos na moción aprobada.

3ª PREGUNTA.- En relación co convenio que asinou a Deputación con 14 concellos da provincia de Ourense, Convenio da Rede Provincial de Espazos Culturais, na que o Concello de Ribadavia non está presente, e despois de que se anunciara que os Concellos de Carballiño e Castrelo de Miño se van incorporar.

- Pregunta: por que razón o noso Concello non está??
- Rogo: Que o noso Concello faga os tramites pertinentes para formar parte neste Convenio, neste exercicio ou no futuro.

Resposta o Sr. Alcalde: Antes de adherirse a algo hai que coñecerlo; di que no seu momento non se coñecía as achegas dos Concellos, os grupos, actuacións e actividades que se ian a realizar; dí que agora que xa existen cousas concretas polo que valorarase a súa adhesión.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

4ª PREGUNTA.- Plan Cooperación 2016, debido ao retraso existente nas obras de varias accións, queremos saber cal é o prazo estimado para o comezo de ditas obras no Camiño “Pendurado” en San Paio?.

Resposta o Sr. Alcalde: A empresa dixo que a semana que ven pero a dirección de obra propón o pasar as festas, supoño que prevalecera o criterio dos técnicos.

5ª PREGUNTA.- Cando se vai proceder a pagar ao club Ribadavia Atlético os gastos ocasionados polo “Trofeo de fútbol virxe do portal” nas pasadas Festas do Portal 2016?.

Resposta o Sr. Alcalde: Está entregada a factura e informada e aboarase nos vindeiros días.

6ª PREGUNTA.- Iniciouse por parte do goberno local algún tramite para levar a cabo as medidas solicitadas en Pleno, e aprobadas no anterior Pleno municipal para a mellora de seguridade vial no municipio de Ribadavia. Isto é pasos de peóns, badéns, e beirarrúas, etc en estradas cuxo tránsito é intenso como San Cristovo, San Paio, Francelos, Franqueirán, etc.?.

Resposta o Sr. Alcalde: Hoxe procedeuse o inicio do pintado; en cuanto a outras cuestións trasladouse os organismos implicados e algunha desas actuacións acometeranse nos vindeiros días.

7ª PREGUNTA.- En relación coa Área de Promoción económica, tense pensado recuperar esta área como tal?.

Resposta o Sr. Alcalde: A área existe, se ben polas circunstancias (falta de subvencións e programas) pouco contido ten; dí que debido a estas cuestións deuse pouco contido os postos de traballo

8ª PREGUNTA.- En relación coa Certificación da Ruta do Viño Ribeiro, da que forma parte o noso Concello, é certo que se ten perdida a súa certificación? .

Resposta o Sr. Alcalde: A certificación perdeuse no ano 13 debido as débedas dos socios a Ruta do Viño do Ribeiro; en canto a recuperala é difícil, sobre todo cando non hai interese dos concellos na ruta.

9ª PREGUNTA.- Tense constancia da existencia dalgunha vivenda en situación de "pobreza enerxética". No caso de que sexa afirmativa a resposta, solicitamos se proceda a darlle cobertura dende o Concello e se implemente a Moción presentada no seu día polo grupo CxG e aprobada por este Pleno.

Resposta o Sr. Alcalde: Non ten constancia ben persoalmente nin a través dos servizos sociais; dí que nos vindeiros días asinarase un convenio coa Fegamp para tratar de atallar esta situación.

10ª PREGUNTA.- Interesalle saber o custo das actividades de Nadal.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Resposta o Sr. Alcalde: Axustarase o previsto no orzamento municipal. En canto a pista de xelo e inflaveis, di que se aboaran pola asociación de comerciantes (5.000 euros) e o resto por patrocinadores privados.

Polo concelleiro do P.P., o Sr. Fernández Gil formúlanse os seguintes rogos e preguntas:

1º ROGO.- Agradece o grupo municipal que se procedese a retirada do cadro eléctrico e do puntal que existía diante do Castelo.

2º ROGO.- Solicita que se proceda a colocar un espello na saída da Praza Maior.

3º ROGO.- Que se proceda a retirada de dous árbores, un diante do Sindicato Labrego Galego e outro na zona de Muñoz Calero, xa que se atopan en mal estado e perigosos para os viandantes.

1ª PREGUNTA.- Considera que a actividade cultural existente en Ribadavia satisface as esixencias dun Concello destas características.

Resposta o Sr. Alcalde: Di que solo hai que ver as que se desenrolan e as partidas que constan no orzamento.

2ª PREGUNTA.- Cál é a razón de que o Concello de Ribadavia no pertenza á rede provincial de espazos culturais de Ourense.

Resposta o Sr. Alcalde: Reitera a resposta que lle fixo o Sr. Fidalgo Martínez.

3ª PREGUNTA.- Que xestións fixo, e pode acreditar documentalmente, o Concello de Ribadavia diante da Deputación Provincial de Ourense, para adscribirse á rede provincial de espazos culturais de Ourense.

Resposta o Sr. Alcalde: Reitera a resposta que lle fixo o Sr. Fidalgo Martínez.

4ª PREGUNTA.- En relación co aboamento da rotura da luna dun vehículo, interesa saber se o Concello ten seguro de responsabilidade civil.

Resposta o Sr. Alcalde: Neste intre descoñeceo.

Polo concelleiro de Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes, o Sr. Vázquez López formúlanse os seguintes rogos:

1º ROGO.- Que se proceda a retirada da folla existente no camino da estación de ferrocarril.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

2º ROGO.- Reitera que se proceda a retirada dos paneis informativos e se proceda o arranxo da fontes existente no municipio.

Polo concelleiro do B.N.G., o Sr. Garcia Soto formúlase o seguintes rogos:

1º ROGO.- Que se proceda a convocatoria do Patronato da Fundación de Prexiguiero.

2º ROGO.- Que se proceda a cumprimentar os acordos relativos a moción aprobada sobre a Memoria histórica, xa que non lle parece de recibo decir que non se executan por problemas familiares canto solo un dos acordos de nove poden afectar a familia.

3º ROGO.- Que se proceda a revisar a obra das beirarúas da rúa Muñoz Calero xa que pensa que ten deficiencias.

4º ROGO.- Que se proceda a recoller as follas existente na zona da rúa Muñoz Calero.

5º ROGO.- Que se arranxen algunha das luces das arcadas de alumeadado navideño, xa que nalgunhas hai deficiencias.

6º ROGO.- Que se proceda a convocar unha comisión de tráfico, facendo fincapé na problemática que hai na rúa Eduardo Chao.

7º ROGO.- Que se controle o aparcamento de vehiculos e camiños na saída da Quinza.

8º ROGO.- Que se repoñan ou arranxen os carteis informativos das rutas turísticas de senderismo existentes no termo municipal.

Polo concelleiro do P.P., o Sr. Sotelo Barroso formúlanse os seguintes rogos e preguntas:

1º. ROGO.- Que se execute o paso de peóns da rúa Martínez Vázquez.

2º ROGO.- En relación co alumeadado bota de menos o mesmo en Francelos, San Cristovo, San Paio, polo que solicita algunha arcada para a zona.

3º ROGO.- Que se desatasque a fonte existente na estación de autobuses.

4º ROGO.- Que se proceda a limpeza do sumidoiro do camiño de San Paio a Quinza.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

5º ROGO.- Que se arranxe a pedra existente na rúa Rodríguez Moure o lado de calzados Zoila.

6º ROGO.- Que se poña un alumeado similar o que se puxo o día contra a violencia de xenero no Castelo.

7º ROGO.- Que se proceda a construír unhas beirarúas na zona da Franqueiran.

Concluído o anterior, ás dez e vinte da noite, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia rematouse a sesión no lugar e data ao principio sinalados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*